O relativo do *continuum* entre galego e asturiano en Asturias

Xavier Frías Conde
C.E.S. Don Bosco (U.C.M.)
<roxavi@romaniaminor.net>

Resumo

Na Romanística tradicional, a fronteira entre galego e asturiano foi abondo nítida, xa desde Dámaso Alonso, aínda que este autor chamase ao galego de Asturias ou eonaviego galego-asturiano. Esta infeliz denominación trouxo e trae problemas respecto da identidade do idioma, aínda que o estudoso recoñeceu sempre que se tratase de galego. O noso artigo pretende insistir sobre a galeguidade lingüística do eonaviego con argumentos claramente lingüísticos, atendendo mesmo a fenómenos que existen noutras áreas galego-portuguesas como o Brasil, co gallo de desmontar teorías falsamente lingüísticas que pretenden cualificar o eonaviego de falar híbrido.

Palabras chave: Galego, eonaviego, portugués, asturleonés, dialectoloxía, Asturias, Brasil.

Introdución

Moito se ten escrito no Principado de Asturias sobre a identidade da lingua falada entre o Eo e o Navia. Desde hai algo máis dunha década, e debido aos esforzos que en Asturias se fan para recuperar o asturiano, algúns estudosos levan a cabo traballos nos que se pretende desdebuxar aquilo que ao longo do século XX se dixo canto ao tradicionalmente chamado galego de Asturias. Desde Ramón Menéndez Pidal, a identidade da lingua foi abondo clara, e a súa galeguidade foi mantida por toda a lexión de lingüistas que posteriormente se ocuparon desta área galegófona (Dámaso Alonso, Manuel Menénedez García, Rodríguez Castellanos, Xoán Babarro).

Na postura contraria ao recoñecemento da galeguidade lingüística desta área encóntrase fundamentalmente Xosé Lluis García Arias, quen en varias ocasións (*vid.* bibliografía) tratou de borrar a fronteira entre galego e asturleonés en Asturias acudindo a argumentos lingüísticos que están, nos máis dos casos, errados.

Este autor referiuse en varias ocasións ao dominio galego en Asturias, sobre todo defendendo a idea do ≪*continuum*≫ (1997: 43-50). Sobre esta idea imos

BDD-A5234 © 2004-2005 Romania Minor
Provided by Diacronia.ro for IP 216.73.217.42 (2026-11-15 20:50:49 UTC)

comentar algúns dos aspectos que defende este estudoso, que tenta, ao longo da súa argumentación, explicar fenómenos galegos desde o asturiano, o cal dá coma resultado conclusións que son, cando menos, chocantes. García Arias non se dedica aos límites dialectais, mais refírese ás isoglosas, sen ter en conta que a presenza das isoglosas que separan o galego do asturiano comezan tamén en asturo-leonés occidental, de modo que moitos resultados, amplamente estudados por outros autores son desatendidos por G. Arias.

Análise dos datos

Comezando polas formas resultantes de MULTU (1997: 43, n. 1), dá como formas galegas interiores *moito*, e a eonaviega e asturiana occidental *muito*; de entrada non ten en conta que *muito* está espallada por boa parte de Galicia, sobre todo na zona oriental; segue con *caixa* (forma galega) (1997: 43, n. 1) fronte á eonaviega e asturiana occidental *caxa*, sen atender, novamente, ao detalle xa citado de que algúns dialectos galegos orientais presentan *caxa* e, por contra, o xabrés e o mirandés (falares asturo-leoneses, teñen *caixa*), de modo que non é unha isoglosa que marque lindes lingüísticas claramente). A forma derivada de CAMINU (1997: 43, n. 1) é *camín* en asturiano occidental e eonaviego, fronte a *camiño* do galego común, mais novamente Arias non ten en conta que *camín* é forma espallada por todo o galego oriental e que o plural de dita palabra en eonaviego é moi galego-portugués pola perda de /n/: *camíos*. Sobre esta cuestión trataremos en profundidade na última parte.

Máis adiante (1997: 45), trata o tema da ditongación, sen atender ao facto de que nunha fala fronteiriza pode perfectamente tomar palabras das falas asturianas veciñas, cando el as dá por autóctonas. En calquera caso, en moitos dos termos aducidos por el habería que ver a influencia do castelán, non do asturiano, como é o caso de *friebe*, termo que non se corresponde coa palabra autóctona, *calentura/quentura*, onde o termo sinalado por Arias, recollido a un falante e sen noción ningunha da súa difusión na fala xeral (que, de feito, non se coñece). Son asturianas claramente *tabierna*, *güesa* e seguramente *güéspede*. Ademais, García Arias toma exemplos exclusivamente do concello de Tapia, lugar de paso entre Asturias e Galicia pola Mariña, cando todos estes termos son descoñecidos no interior, onde a influencia do asturiano é nula. Sen embargo, xa son antigas formas ditongadas como *ia* (<ET) ou *iou* (<EGO), presentes na raia eonaviega e ancaresa e en puntos soltos de Galicia, como a zona do Miño. Nese mesmo apartado inclúe a voz *vierme*, que é, novamente, un empréstamo asturiano, dado que esta voz se encontra nas zonas interiores, menos permeábeis ás influencias occidentais, coa forma *verme*, que García Arias non rexistra. Con todo, quitando os castelanismos, doadamente identificábeis, cantas voces encontra García Arias en eonaviego con ditongación? Son realmente poucas e, alén do xa dito arriba sobre asturianismos, é evidente que en eonaviego predomina a non ditongación.

Canto ás vocalizacións finais de *vecíos* e *cais*, García Arias (1997: 46, n. 7) explica as pronuncias [beˈθius] de *vecíos* e [ˈkais] de *cais* (pl. de *can*) desde

© Romania Minor
http://www.romaniaminor.net/ianua/

BDD-A5234 © 2004-2005 Romania Minor
Provided by Diacronia.ro for IP 216.73.217.42 (2026-11-15 20:50:49 UTC)

o asturiano sen atender a dous elementos: un, que tamén se dan [beˈθios] e [ˈkais] (véxanse a este respecto Menédez García 1963: 114, n.6; e Frías 1999: 20); e dous, que en galego común *fríos* ten dúas pronuncias posíbeis igualmente: [ˈfrius] ou [ˈfrios] sobre /frios/, e igualmente ocorre con *traes*. Pero máis chocante resulta que fale de ditongación no topónimo tapiego *Cá Diago* (1997: 46), cuxo étimo segundo este autor é DIDACU + sufixo[1]; en tal caso, non hai ditongación ningunha, mais unha simple perda de /d/.

A conservación de /n/ en moitos casos é algo que non estraña no galego interior, en casos como os diminutivos: *ventá* > *ventaniña*[2]. García Arias distingue con bo criterio os cultismos e empréstamos como *imaxinar*, que tampouco desaparece en portugués: *imaginar*; nin en gascón: *imaginar*, linguas nas que tamén se dá a perda de /n/). Mais pon en dúbida que outras formas sexan tales e insiste en seren voces eonaviegas enxebres sen perda de /n/ (1997: 47), como *xuno* que recolle de Acecedo y Huelves (1932), mais que non é forma representativa do eonaviego, porque a forma máis espallada é *xuio*, recollida por primeira vez por Dámaso Alonso (1972). Verbo de *amenar*, pode perfectamente tratarse dun empréstimo, porque non hai razón que xustifique a presencia de /n/. Noutros termos é segura a filiación castelá da palabra na fala, coma *Arenal* fronte ao local *arêa*. Outros casos explícanse pola dificultade de pronuncia que supón a caída de /n/, coma en *Chaneira*, fronte a un hipotético *Chaeira*, e o derivado *achanar* (tomado de Acevedo 1932, s.v.), resulta que convive con *achaar*, mais a dificuldade de manter dous /a/, fai que se repoña o /n/ (cf. en galego común *achandar*, *sandar*, *irmandar* na mesma situación, mais con outro tratamento). En *conexo*, hai unha adaptación da palabra castelá *conejo*. Outra forma que chama a atención é *El Orinal* (non **L'Orinal*) que recolle García Arias coma topónimo (1997: 47). Na fala viva existe *ouriñal*, con /ɲ/, que García Arias tampouco recolle, o cal demostra que o topónimo é unha forma recente formada sobre o castelán, non sobre o galego local.

Non é explicábel *Llan-* desde PLANTA-, como sinala G. Arias (1997: 47), expandíbel tamén, segundo el, a PLANGERE > *lanxir*; primeiro non se lle supón o mesmo proceso que en asturiano e castelán: /pl/ > /pʎ/ > /ʎ/, e segundo, -ANTA > *-án* é solución allea de todo ao galego e ao asturiano[3]. É ben sabido que a palatalización cheogu ao oriente de Lugo (Frías 1999: 37); no caso de existir una reducción de /pl/, a evolución sería otra, ben distinta á do asturiano /pl/ > /l/ > /ʎ/, tendo en conta que o propio Arias rexistra *Lan-*[4]. Na mesma liña,

[1] De feito, non é tal o étimo, mais IACOBU, reducido a *Iago* na lingua medieval, que na forma composta *Sant'Iago* deixou *Diago* en galego, mais *Diogo* en portugués. A forma castelá *Diego* está influída analoxicamente polo ditongo /je/, normal nesta lingua.

[2] E identicamente explícanse en eonaviego outros exemplos como o *lhanudo* que anota García Arias, e ao que podemos engadir: *ventanía*, *irmanín*, *cancín*, etc. A conservación do /n/ en eonaviego en moitos derivados é algo normal neste falar que non indica conservación por influencia do asturiano.

[3] Na zona eonaviega tamén existe a variante *Len* *Lhen*, que seguramente é unha forma máis antiga. Este termo probabelmente provén do latín LIMITE > *lende* > *len*, cunha forma apocopada propria de topónimos, como é o caso de *val*.

[4] Neste sentido é interesante non esquecer que a palatalización é un fenómeno antiquísimo na Península que hoxe só alcanza o asturo-leonés (agás zonas fronteirizas coma Sendim ou

BDD-A5234 © 2004-2005 Romania Minor
Provided by Diacronia.ro for IP 216.73.217.42 (2026-11-15 20:50:49 UTC)

cita o termo *ceibe* que el recolle en Tapia (mais que existe en todo o eonaviego) e cita coma influencia do galego (1997: 47, n. 8), cando é palabra patrimonial, un curioso arabismo que deriva segundo F. Corrientes (1999; s.v.) de *sâ'ib* ('solto, libre'). Verbo de Silvallá, en Taramundi, non vexo na terminación -*llá* un derivado de PLANA, senón de IULIANA, de modo que o topónimo tería probabelmente a forma orixinaria SILVA IULIANA.

Dentro das terminacións, é curioso o sarillo que García Arias se fai coa palabra *farina* (1997: 47, n. 9). Este vocábulo presenta en eonaviego dous resultados a miúdo coincidentes xeograficamente: *faría* e *farina* (Arias só rexistra o segundo). Segundo a argumentación que expón, o asturiano *fariña* sería un claro galeguismo, mais non o é, dado que a forma clásica FARINNA é a que dá orixe tanto ao eonaviego *farina* como ao asturiano *fariña*, mais xunta esta existe outra máis vulgar, FARINA, que dá orixe á tamén asturiana *farina*, á castelá *harina* e á eonaviega *faría*. A do galego común *fariña* deriva tamén desta segunda forma latina. O caso de *axina* non é facilmente explicábel á vista das formas que se achan en linguas e dialectos veciños: gal. *axiña*, pt. antigo *aginha*, ast. e cast. ant *aína*; debeu producirse algunha influencia secundaria ou ben que houbese unha forma alternativa *AGINNA (como no caso de FARINA FARINNA)[5]. Respecto a *fuina*, a conservación de /n/ débese a se tratar dun termo emprestado, aragonés segundo o DRAE, que pasa ao galego, asturiano e castelán. En galego a forma *fuíña* explícase doadamente por analoxía. Para *fenestra*, que é voz non usada en asturiano, hai que recordar que é termo que aparece nos dicionarios galegos a convivir con *fiestra*, sendo a primeira unha voz culta e a segunda máis popular pola perda de /n/. De influencia asturiana, non hai, xa que logo, nada.

García Arias fala tamén de «metafonía» de /a/ > /e/ en varios casos que el supón que teñen orixinariamente a palabra *augua* (< AQUA) (1997: 47), que dan *eugua* (*Valdeugua*). En realidade, non é tal, senón que *eugua* é a forma viva eonaviega derivada de EQUA, onde se produce un fenómeno moi característico do eonaviego: LECUA > *leugua*.

No morfosintáctico, apenas citar o paradigma do artigo definido que está todo errado, pois non existe un neutro *lo* (1997: 48-49), que é un empréstamo recente do castelán, sendo a forma enxebre *el*, coma o masculino (Frías 1999: 46). Tamén identifica coma asturianismo a presencia da preposición *per* fosilizada en varios topónimos, cando o galego-portugués medieval coñeceu *per* e *por* (de feito *per* aparece aínda na contracción portuguesa *pelo*, *pela*) e, sen embargo, en asturiano occidental xa non se distingue entre *por* e *per*, como aínda si se fai en asturiano central.

A palatalización que García Arias considera «asturiana» (1997: 49) en

Guadramil) e o catalán, mais que antigamente chegaba aos dialectos mozárabes (Galmés Fuentes 1983: 84, 173). Como indicabamos arriba, estendeuse mesmo por unha franxa do galego ata retroceder co paso do tempo aos límites actuais. Iso explica que o fenómeno arriba explicado non concorde co asturiano nin se poida ter por asturianismo en galego.

[5]E volvemos ao argumento de que unha voz illada non xustifica que se poida tomar esta palabra como mostra de asturianismo. Se for asturianismo, tería a mesma forma que en asturiano, o cal non ocorre. E talmente, caeriamos na tentación de considerarmos o portugués *pequenino* fronte ao galego *pequeniño* como outra influencia asturiana.

© Romania Minor
http://www.romaniaminor.net/ianua/

BDD-A5234 © 2004-2005 Romania Minor
Provided by Diacronia.ro for IP 216.73.217.42 (2026-11-15 20:50:49 UTC)

topónimos como *Trelhamozca*, *Trelhatorre*, *Trelhopico* (Boal), *Trelhagranda*, *Trilhopico* (Vilhallón) é igual á que se dá no galego-portugués en INSULA > *ISULA > *isla* > *illa*. Por certo, García Arias non repara en que nestes exemplos da toponimia, igual que nos anteriores con *per*, aparece o artigo *o*, que non é, en absoluto, alleo ao galego eonaviego, como xa amosamos en máis dunha ocasión (Frías: 1993).

Poderiamos citar máis pormenores deste traballo, mais sería excesivamente longo e afastaríanos do noso obxectivo de marcar os límites entre galego e asturiano en Asturias. En calquera caso, García Arias é o único autor que pon en dúbida a natureza galega do eonaviego, mais fornecendo, nos máis dos casos, exemplos incorrectos que non conseguen demostrar o carácter de híbrido do galego de Asturias, tal como el o defende, contra a opinión do resto dos autores que temos visto ata agora. A comparación entre linguas hase facer atendendo á realidade falada, non comparando o asturiano e o eonaviego co galego literario, dado que moitos dos elementos que ten o eonaviego mais que non se encontran no galego literario si existen, sen embargo, no galego oriental e mesmo no portugués. Doutra banda, tampouco ten en conta a historia do galego onde se pode percibir facilmente que certos elementos que este profesor asturiano dá como asturianos son, en realidade, arcaísmos galegos conservados no Eonavia[6].

En definitiva, os argumentos expostos por García Arias para defender o carácter de híbrido do galego de Asturias non teñen unha fundamentación sólida. Indubidabelmente o galego de Asturias ten certos trazos que son coincidentes co asturo-leonés, mais ao mesmo tempo cómpre ver que outros dialectos asturoleoneses meridionais presentan trazos inequivocamente galegos, sen que por iso se poña en dúbida a súa natureza[7]. Alén diso, non podemos esquecer que o asturiano occidental ten outra longa serie de elementos que o achegan ao galego e o separan do asturo-leonés, non só no campo semántico, senón tamén no morfosintáctico, de xeito que o *contínuum* comeza case no centro de Asturias (e García Arias ignora case en todos os momentos que moitas isoglosas propias do galego chegan ata moi dentro de Asturias). Velaquí algúns deles:

FENÓMENO	ASTURIANO OC. E GALEGO EONAVIEGO	ASTURIANO CENTRAL
vocais finais (1)	alto, alta	altu, alta, alto
vocais finais (2)	cantas, cantan	cantes, canten
ditongos decrecentes	carreiro, roubou, treitoira	carrera, robó, trechoria
falta de palatalización	muito, feito	mu(n)cho, fechu
-NN-	cabana, ano	cabaña, añu
PL-, CL-, FL-	chover, chorar[8]	llover, llorar
plurais	rapaces	rapazos

[6] Abonde neste sentido citar: posesivos *tou*, *sou*.

[7] Algúns destes trazos son: formas de artigo indefinido *unha* en xabrés e mirandés, paradigma de artigo definido idénticos ao eonaviego en xabrés: *el*, *a*, *el*, *os*, *as*, plurais pronominais *estes*, *es(s)es*, *aqueilles* en xabrés e mirandés, sufixo galego *-iñeiro/a* en xabrés: *diñeiro*, *muiñeiro*, *cociñeira*, presenza o infinitivo conxugado en mirandés, etc.

IANUA 5 (2004)
ISSN 1616-413X

BDD-A5234 © 2004-2005 Romania Minor
Provided by Diacronia.ro for IP 216.73.217.42 (2026-11-15 20:50:49 UTC)

posesivos átonos	meu, mía / mieu miou, mía	mio
	tou, túa	to
	sou, súa	so
desinencias verbais (1)	falei, falou	falé, faló
desinencias verbais (2)	falou, comeu, partiu	faló, comió, partió
neutro de materia	carne rica	carne rico

Poderiamos aínda citar máis destes elementos, mais non paga a pena. A coincidencia de moitas isoglosas entre galego de Asturias e asturiano occidental é algo que non desdebuxa a identidade de ambos os falares. A natureza da lingua do Eo-Navia está xa estudada en moitos traballos. Non se trata agora aquí de repetir o que desde a Lingüística Románica está xa abondo asentado.

O tratamento de -INU/A en galego eonaviego e o portugués nordestino

Un dos elementos que deu máis interese á polémica era o tratamento peculiar que o eonaviego dá aos sufixos -INU/A, únicos dentro do galego-portugués. Este foi outro dos argumentos para incluír o galego de Asturias na categoría de falar de transición por algúns lingüistas asturianos, mais na realidade, como veremos aquí, tal orixinalidade non é tal como veremos ao confrontar este dialecto galego coas variantes brasileiras do nordestino.

Para facilitar as denominacións, utilizarei, ao longo desta sección, unha serie de siglas que paso a explicar: galego común (GC), portugués padrón europeo (PP), galego eonaviego (GE) —ao que adicionarei 'occidental' (GEoc), 'central' (GEc) e 'oriental' (GEor) cando for preciso[9]—, portugués brasileiro (PB), portugués brasileiro nordestino (PN)[10], asturiano (AS), indicando, cando for preciso, tamén se é central ou occidental.

En galego eonaviego, repetirémolo máis unha vez, un dos trazos mais salientábeis das súa morfoloxía é a presenza da desinencia *-ín* que difire da xeral en galego-portugués: *-iño/-inho*. Con todo, as cousas son mais complexas, visto que esta é apenas a forma do masculino singular, mas para o resto das formas temos un paradigma diferente. Igualmente, en asturiano —mais non en todo o asturo-leonés, pois nas zonas meridionais danse formas coincidentes co castelán (Frías 2001), concretamente en xabrés e mirandés, existe un masculino singular *-ino*.

Para completar o panorama, no portugués nordestino brasileiro, tamén aparece esta forma: *-im* e tamén *-ĩo* masculina, e *-ĩa* feminina. Mas á diferenza do que acontece en Europa, o fenómeno brasileiro é moito máis recente, mentres que o caso galego e asturiano vén de antigo, aínda que non da súa xénese. Primeiro

[9]Esta é a clasificación dos falares eonaviegos que aparece en X. Frías Conde (1999).

[10]Para situar o dialecto nordestino no mosaico dialectal portugués, pódese ver o mapa adaptado de A. Nascentes (1953[2]: 25) ao final do artigo.

© Romania Minor
http://www.romaniaminor.net/ianua/

BDD-A5234 © 2004-2005 Romania Minor
Provided by Diacronia.ro for IP 216.73.217.42 (2026-11-15 20:50:49 UTC)

de todo vexamos que paradigmas presenta en todos estes falares, considerando xénero e número. Para expórmo-lo, escollemos *sobrinho*, un nome que admite todas as flexións morfolóxicas:

Cadro 1

PP	**GC**	**PN**	**GE**	**AS**
sobrinho	sobriño	sobrim/sobrĩo	sobrín	sobrín
sobrinha	sobriña	sobrĩa	sobría (sobrĩa)	sobrina
sobrinhos	sobriños	sobrins/sobrĩ	sobríos (sobrĩos)	sobrinos
sobrinhas	sobriñas	sobrĩas	sobrías (sobrĩas)	sobrinas (ASoc), sobrines (ASc)

O cadro anterior precisa dalgunhas explicacións. En primeiro lugar, como xa dixemos antes, o fenómeno eonaviego e asturiano é moito mais antigo do que o nordestino, mais o proceso sufrido en eonaviego e nordestino é igual

Para o nordestino, Serafim da Silva Neto (19926: 627) fai referencia ao fenómeno. Primeiro explica algúns trazos máis xerais, como o tratamento de /ɲ/ neste dialecto, para o cal di:

> No que se refere à palatal-nasal *nh* há na pronúncia do Nordeste um traço muito curioso: é que o fonema se mantém como nasal, mas se desconsonantiza: *Antonho*, por exemplo (que é a pronúncia popular de *Antônio*) se pronúncia *Antõio*.

O fenómeno da desconsonantización de *nh* ten, por tanto, bastante extensión nesa área do Brasil. Mais nalgún lado, como o Ceará, é onde xa aparece o fenómeno que nos interesa (Silva Neto 19926: 627):

> No Ceará opera-se no diminutivo *-inho* uma evolução típica; é que ele passa a *-ĩo* logo depois a *-ĩ*, perdendo a vogal final: assim *pombinho* > *pombĩo* > *pombim*, *caminho* > *camĩo* > *camim*,*vinho* > *vĩo* > *vim*, etc.

Un pouco mais adiante, Silva Neto compara este fenómeno con outro igual que acontece nos crioulos azorianos. O fenómeno en toda a zona é así[11]:

> Tal pronúncia ([ɲ] > [˜]) ocorre no sertão do Ceará e na totalidade dos estados do Rio Grande do Norte, Paraíba, Pernambuco, Alagoas e Sergipe. O sotaque do Maranhão e do Piauí já é bem parecido com o daqui, da Amazônia, e no falar amazônico a pronúncia do *nh* é tão clara quanto no galego ocidental. Na Bahia já se fala diferente, mas é possível que lá também aconteça este fenômeno. Todo o Nordeste Histórico (CE, RN, PB, PE, AL e SE) parece manter características lingüísticas bem arcaicas.

[11] Transcribo integramente a información que me foi fornecida por Afonso Linhares nunha mensaxe electrónica.

BDD-A5234 © 2004-2005 Romania Minor
Provided by Diacronia.ro for IP 216.73.217.42 (2026-11-15 20:50:49 UTC)

Quanto aos plurais de *-im*, a coisa é mais complexa, porque na linguagem familiar do nordestino, como em francês, não há distinção —na pronúncia— entre singular e plural. Como naquele idioma, o que especifica se um nome está no singular ou no plural é o artigo, ou a palavra anteposta, p. ex. *o camim* à *os camim*; *meu amiguim* à *meus amiguim*. É necessário dizer, porém, que esta pronúncia em *-im* está restrita à linguagem familiar ou de classes mais baixas. Esta mesma terminação, na pronúncia culta do Nordeste, é *-ĩo*, com *i* nasalizado, p. ex. *amiguĩo*; *camĩo*, e o plural é em *-ĩos*, como é de se supor, *amiguĩos*, *camĩos*. Há, portanto, uma desconsonantização do *nh*, que também afeta as palavras femininas, p. ex. *amiguĩa* e *galĩa*.

Uma curiosidade, o verbo *vir* no pret. perf. é conjugado da seguinte maneira em nordestino:

eu vim

tu vĩesse (parece-me ser uma evolução de *vieste*. O *i* é nasalizado)

ele vei (sem o *o* final, da mesma maneira que *cheio* é *xei*)

nós vemos (na linguagem familiar e vulgar não se pronuncia o *s* final)

vós viestes (considerado arcaico no Brasil)

eles vĩero

Parece lóxico pensar que o plural de *o amiguim* sería *os amiguins*, aínda que o /s/ non se pronuncie.

Convén facer unha aclaración importante canto ao fenómeno que nos ocupa. A desconsonantización de /ɲ/ é propia de todo o nordestino, mas a ulterior queda do *-o* final alcanza só o Ceará, e sempre en rexistros máis baixos. Por tanto, dentro do portugués do Ceará actual, teríamos as seguintes posibilidades de realización de *amiguinho* en tres variedades diastráticas, onde a máis externa é a forma padrón, a segunda é a realización común e a terceira a mais familiar:

Cadro 2

Forma padrão	amiguinho
Forma comum	amiguĩo
Forma familiar	amiguim

Con todo, para o feminino as cousas son diferentes:

Cadro 3

Forma padrão	amiguinha
Forma comum	amiguĩa
Forma familiar	

© Romania Minor
http://www.romaniaminor.net/ianua/

BDD-A5234 © 2004-2005 Romania Minor
Provided by Diacronia.ro for IP 216.73.217.42 (2026-11-15 20:50:49 UTC)

Se compararmos os cadros anteriores coas solucións galegas, temos un paralelismo moito grande:

Cadro 4

Galego común	amiguiño
Galego eonaviego	amiguín

E para o feminino:

Cadro 5


Galego común	amiguiña
Galego eonaviego	amiguía

Canto á cronoloxía do fenómeno, que nos fornecerá algunhas luces para comprender as semellanzas, o galego-portugués medieval trata as terminacións latinas -INU e -INA segundo a tendencia primitiva da lingua, é dicir, cunha primeira fase de desconsonantización e logo nasalización do hiato. Tales son as formas que aparecen nos primeiros documentos galego-portugueses. Segundo Clarinda de Azevedo (1986: 599), os primeiros textos, até a primeira metade do século XIV, presentan este estado mais arcaico: *espĩo*, *sardĩa*, etc.

Porén, xa no século XIV, os textos galego-portugueses presentan a consoante anti-hiática de *-inho/a* como na actualidade, coa diferenza que aparece antes en Galiza do que en Portugal (Azevedo 1986: 600).

O proceso pódese describir do seguinte modo:

Cadro 6



BDD-A5234 © 2004-2005 Romania Minor
Provided by Diacronia.ro for IP 216.73.217.42 (2026-11-15 20:50:49 UTC)

Primeiro de todo, en eonaviego primitivo existen as formas con nasal, como no resto do galego-portugués. Isto xa fai ver que o proceso é diferente do sufrido en asturiano, onde a coincidencia de formas no masculino singular débese, simplemente, á perda da vogal final. Isto quer dicir que para chega a *sobrín* nas dúas linguas, o proceso foi diferente:

Cadro 7

Latín: SOBRINU, SOBRINA	
Eonaviego medieval (s. XIII): [soˈbrĩo], [soˈbrĩa] (s. XIV): [soˈbrĩ], [soˈbrĩa]	**Asturiano medieval**: [soˈbrinu], [soˈbrina]
Eonaviego actual: [soˈβriŋ], [soˈβria]	**Asturiano actual**: [soˈβriŋ], [soˈβrina]

Para estabelecer que este é o proceso eonaviego, baseámonos en dous datos. O primeiro, que a nasalidade medieval aínda se encontra en certas áreas eonaviegas (Frías 1999) e en todo o ancarés; o segundo, que o eonaviego e o falar do Ceará parten dunha realización común: *sobrĩo*, para despois suprimiren a vogal final. É preciso comprender que en nordestino cae o /ŋ/ anti-hiático nun proceso de regresión (insisto neste punto porque é moi importante), é dicir, que se volta para unha situación idéntica á da lingua medieval. E é aquí, precisamente, onde o falar do Ceará segue a mesma evolución do eonaviego moitos séculos antes, eliminando a vogal final no masculino, mais conservándoa no feminino.

Conclusións

Non deixa de ser interesante marcar, igualmente, os elementos que fan do galego eonaviego un dialecto con personalidade propia dentro do corpus galego(-portugués). Do mesmo xeito que existen unhas isoglosas claras que separan o galego do asturiano, existen outras poucas, mais cara a occidente, que separan o galego oriental do galego eonaviego, mais esa é outra cuestión que agora fica fóra do noso estudio.

En definitiva, creo que non hai razóns para pór en dúbida a identidade lingüística do falar eonaviego. Sen negar que ten elementos comúns co asturiano, cousa lóxica, non son suficientes como para falar del como un ≪*contínuum*≫, unha lingua sen identidade, unha mestura entre galego e asturiano. Non é así, e ao longo destas páxinas penso que ficou abondo claro que os argumentos que o defendían carecen de validez. O galego eonaviego ou galego de Asturias é unha variante extraordinariamente rica, desde o punto de vista dialectal, da lingua galega, que ten —é innegábel— elementos comúns co asturo-leonés, mais tamén é verdade que boa parte do asturo-leonés occidental ten elementos comúns co galego. Nun certo punto existe esa raia que distingue unha lingua da outra, porque outramente poderiamos dicir que a fala de Sicilia é un galego distinto do de Santiago, mais galego ao cabo e até a persoa con menos coñecementos de lingüística románica sabe que iso non é así.

© Romania Minor
http://www.romaniaminor.net/ianua/

BDD-A5234 © 2004-2005 Romania Minor
Provided by Diacronia.ro for IP 216.73.217.42 (2026-11-15 20:50:49 UTC)

Mapas





Figura 1: *Dialectos do portugués brasileiro*
Contribución de Francesc González i Planas (Romania Minor)

IANUA 5 (2004)
ISSN 1616-413X

BDD-A5234 © 2004-2005 Romania Minor
Provided by Diacronia.ro for IP 216.73.217.42 (2026-11-15 20:50:49 UTC)



1. terra, corpo / tierra, cuerpu (Ĕ e Ŏ tónicas latinas)
2. casas / cases
3. cases / casas
4. zona de metafonía
5. agua fría, pan secu / agua frío, pan seco (neutro de materia)
6. agua frío, pan seco/agua fríu, pan secu (oposición masculino / neutro de materia)
7. touru, ferreiru/toru, ferreru
8. luz / lluz ∼ l̤luz (L- latina)
9. lluz / luz (L- latina)
10. vila / villa ∼ vil̤la (-LL- latina)
11. luz, vila / l̤luz, vil̤la
12. l̤luz, vil̤la / lluz, villa
13a. lingua, ella / yingua, eya
13b. yingua, eya / l̤lingua, el̤la
14. muller / muyer ∼ mucher
15. muyer / mucher
16. mucher / muyer
17. muyer / mujer
18. chanu / llanu∼l̤lanu∼yanu
19a. l̤lanu / yanu
19b. yanu / llanu
20. nabu / ñabu (N- latina)
21. cabana / cabaña (-NN- latina)
22. chao / chanu (-N- latina)
23. oito / ocho otso
24. otso / ocho
25. facer / ḥacer
26. home / hombre
27. nueche / noche
28. güeyu / oyu
29. xente, oyu / genti, oju
30. dio-y(os) / dióli(s) (pronombre de dativo)
31. molín / molinu
32. a mio casa / la mi casa
33. cansada / cansá
34. castiellu / castillu
35. ñabu / nabu (N- latina)

Figura 2: *Isoglosas de Asturias.*
Contribución de Francesc González i Planas (Romania Minor)

© Romania Minor
http://www.romaniaminor.net/ianua/

BDD-A5234 © 2004-2005 Romania Minor
Provided by Diacronia.ro for IP 216.73.217.42 (2026-11-15 20:50:49 UTC)

Referencias

[1] Acevedo Huelves, B.; Fernández Fernández, M. (1932): *Vocabulario del bable de occidente*. Madrid: Centro de Estudios Históricos.

[2] Alonso, Dámaso (1972): *Obras Completas*. Tomo 1, *Del Occidente Peninsular*. Madrid: Gredos, pp. 291-533. Inclúe os artigos: «Enxebre», «El gallego leonés de Ancares y su interés para la dialectología portuguesa» (en colaboración con Valentín García Yebra), «El saúco entre Galicia y Asturias (nombres y supersticiones)», «Junio y julio entre Galicia y Asturias», «Notas sobre léxico y etimología», «Dos voces portuguesas: *estiar*, *sotaque*», «Gallego-asturiano *engalar* 'volar"(casos y resultados de velarización de -n- en el dominio gallego)», «Gallego *bordelo*, *abordelar* (sobre el par de encuarte en el Nordeste Peninsular)», «Dos palabras gallego-asturianas», «Narraciones orales gallego-asturianas», «Ganado vacuno en San Martín de Oscos».

[3] Azevedo Maia, C. de (1977): *Os falares fronteiriços do concelho de Sabugal e da vizinha região de Xalma e Alamedilha*. Supl. IV da Revista Portuguesa de Filologia. Coimbra.

[4] — (1986): *História do Galego-Português*. Coimbra: Instituto Nacional de Investigação Científica.

[5] Babarro González, X. (2004): *Galego de Asturias: Delimitación, caracterización e situación sociolingüística*. A Coruña: Fundación Barrié de la Maza.

[6] Catalán, Diego (1989): *Las lenguas circunvecinas al castellano*. Madrid: Paraninfo.

[7] Corrientes, F. (1999): *Diccionario de arabismos*. Madrid: Gredos.

[8] Fernández Rei, Francisco (1991): *Dialectoloxía galega*. Vigo: Xerais.

[9] Frías Conde, Francisco Xavier (1997a): «Subestándar versus castrapo no galego de Asturias». A Freita 10: 32-39. [Eilao (Asturias)]

[10] — (1997b): «Sobre os bloques dialectais do galego: unha nova proposta». In: *Revista de Filología Románica. Homenaje a Pedro Peira*. Vol 1. Madrid, p. 241-256.

[11] — (1997-1998): «Proposta de notas normativas do galego de Asturias». *A Freita* 10: 40-50 e 11: 46-55.

[12] — (1999a): *O galego exterior ás fronteiras administrativas*. Xixón: VTP.

[13] — (1999b): «Os límites entre galego e asturleonés en Asturias». Revista de Filología Románica.

[14] — (2001): *Notes de lingüística asturlleonesa*. Xixón: VTP.

IANUA 5 (2004)
ISSN 1616-413X

BDD-A5234 © 2004-2005 Romania Minor
Provided by Diacronia.ro for IP 216.73.217.42 (2026-11-15 20:50:49 UTC)

[15] García Arias, Xosé Lluis (1985): «Pl-, Cl-, Fl- ente'l Navia y l'Eo». Lletres Asturianes 17: 25-29.

[16] — (1997): «El *continuum* llingüísticu ente'l gallegu y l'asturianu». Lletres Asturianes 62: 43-50.

[17] García De Diego, V. (1978): *Manual de Dialectología Española*. Madrid: Centro Iberoamericano de Cooperación.

[18] Menéndez García, M. (1950): «Cruce de dialectos en el habla de Sisterna (Asturias)». *Boletín de Tradiciones Populares* 6: 355-402.

[19] — (1951): «Algunos límites dialectales en el occidente de Asturias». *BIDEA* 5: 14.

[20] — (1963): *El Cuarto de los Valles (Un habla del Occidente Asturiano)*. Tomos I e II. BIDEA. Oviedo.

[21] Menéndez Pidal, Ramón (1962): *El dialecto leonés*. Oviedo: IDEA.

[22] — (1967): *Manual de Gramática Histórica Española*. Madrid: Espasa Calpe.

[23] Nascentes, A. (1953^2): *O linguajar carioca*. Rio de Janeiro.

[24] Rodríguez Castellano, L. (1954): *Aspectos del bable occidental*. Oviedo: IDEA.

[25] — (1975): «Palatalización de l- inicial en la Asturias de habla gallega». *Verba* 2.

[26] Silva Neto, S. da (1957): *História da língua portuguesa*. Rio de Janeiro: Presença.

[27] — (1992^6): *Introdução ao estudo da língua portuguesa no Brasil*. Rio de Janeiro: Presença.

© Romania Minor
http://www.romaniaminor.net/ianua/

BDD-A5234 © 2004-2005 Romania Minor
Provided by Diacronia.ro for IP 216.73.217.42 (2026-11-15 20:50:49 UTC)